

VIETNAM: “DOCUMENTAIS EN CONTRA DUNHA GUERRA SUCIA”

IGNACIO RAMONET

A GUERRA DE VIETNAM durou catorce anos, de 1961 a 1975. A Fronte de Liberación de Vietnam do Sur naceu o 20 de decembro de 1960. Seis semanas atrás fora elixido presidente dos EE UU John F. Kennedy. Nos comezos do ano seguinte, Kennedy enviou ao conflito as forzas especiais, violando os acordos de Xenebra de 1954. Logo veu o incremento bélico de Lyndon B. Johnson cara finais dos anos 60, con bombardeos sobre Vietnam do Norte. Seguidamente produciuse a vietnamización da guerra, decidida por Richard Nixon. Finalmente, o goberno pro-estadounidense de Saigón e o seu exército caeron no 30 de abril de 1975.

O conflito en Vietnam foi a guerra con maior cobertura por parte da TV en toda a historia das informacións televisadas nos EE UU. O sociólogo George Bayley estudou a maneira na que as tres grandes redes de TV estadounidenses (ABC, CBS e NBC) traballaron durante o período 1965-1970.

Case a metade das informacións sobre esta guerra falaban das accións da infantería sobre o terreo e das actividades da aviación. Case un 12% das noticias eran citas oficiais dos dous gobernos (Saigón e Washington). Nada máis que o 3% de todas as informacións ofrecían o punto de vista do «inimigo». Esa porcentaxe mostra de maneira moi explícita cando de parcial foi a TV estadounidense na súa versión dos acontecementos.

Tamén se rebaixou a impresión que a guerra tivo dentro dos EE UU, o rexeitamento que naceu, moito máis dentro da xente nova, xerando manifestacións antibélicas, marchas pola paz e protestas universitarias. A respecto desta parcialidade, George Bayley apunta: «Practicamente todos os resumos diarios dos combates viñan dos servizos de relacións públicas do Exército». Nada máis no ano 1971, eses servizos tiñan gastado máis de 200 millóns de dólares para presentar á cidadanía estadounidense a mellor imaxe posible do Exército.

Nun documental de Peter Davis, *The selling of the Pentagon* (A venda do Pentágono), un ex oficial dos servizos de información falaba dos esforzos por des-informar aos xornalistas que viñan investigar na fronte de combate. Por exemplo, un equipo da CBS que gravaba unha reportaxe sobre os bombardeos contra Vietnam do Norte, foi vítima das súas terxiversacións. O oficial fixo o contacto, pero antes avisara aos pilotos con severidade do que en ningunha circunstancia había que dicir.

«Os servizos de información organizaban falsos operativos das tropas survietnamitas. Os servizos oficiais filmaban eses operativos e logo enviaban reportaxes a emisoras pequenas nos EE UU que non tiñan medios para enviaren equipos de seu a Vietnam».

Para oporse a esa visión parcial e manipuladora dunha «guerra sucia», desde finais dos anos 60 realizadores independentes comezaron por denunciar o horror da intervención en Vietnam usando documentarios políticos.

En *Hearts and Minds* (*Corazóns e Mentes*, 1973), Peter Davis investigou sobre as características culturais estadounidenses que, máis alá das consideracións políticas, puideran ter favorecido a propagación irracional do conflito, mesmo dándolle unhas dimensións de crime contra da humanidade pola cantidade e gravidade das bestialidades alí feitas.

Primeiramente, o director vai buscando as redes de mentiras, de afirmacións e de fobias, que paulatinamente somerxeron aos EE UU na lóxica da intervención. Abertamente interrogados, certos dirixentes din pretextos xeopolíticos absurdos: «Se perdemos Indochina, perdemos o Pacífico e seremos unha illa nun océano comunista». Outros ven na intervención unha maneira de conservar o acceso a materias primas necesarias: «Se caese Indochina, deixarían de chegar estaño e tungsteno da península de Malaca». Por último, e máis ideolóxicos, outros afirman que os EE UU interveñen «para axudar a un país vítima dunha agresión estranxeira».

Peter Davis sabe que para alumar as orixes da brutalidade no «comportamento individual» dos militares estadounidenses, hai que analizar unha cantidade de ritos que caracterizan en parte, a sociedade.

Hearts and Minds reconece tres deses ritos ou «estruturas para cegar», coa función de ocultar o sentido profundo dun acto baixo unha montaña de significacións secundarias formais. Desta maneira Peter Davis mostra como o exército consegue diluír a dimensión criminal dun acto de guerra multiplicando os intermediarios tecnolóxicos entre un militar e a súa vítima.

Un exemplo desa maneira de proceder está o caso dun piloto que coa mirada calma di: «Cando voas a 800 quilómetros por hora non ten tempo de pensar en nada máis. Nunca viamos xente. Nin sequera oíamos as explosións. Nunca houbo sangue ou berros. Era unha cousa limpa; eu son un especialista. Eu era un técnico». A consciencia do piloto, fascinada polo mito da eficacia técnica, xa non considera as consecuencias da súa acción nin asume a responsabilidade da mesma.

Un segundo exemplo, que sería case complementario ao anterior, sería transformar calquera participación nun terreo concreto, nunha competencia onde a fin xustifícase os medios. Antes que calquera outra cousa, o que conta só é o triunfo. Peter Davis compara a actitude dos militares en Vietnam coa dos xogadores de fútbol americano. Nos dous casos, todos os golpes están permitidos, o único que conta é gañar, mesmo se esqueches a causa do combate.

Soldados aos que preguntan no medio da batalla, na selva vietnamita, confesan non saber por que loitan. Un deles mesmo está convencido de que é para axudar aos vietnamitas do norte. Un oficial di: «É unha guerra longa, que non se entende facilmente. Pero nós viñemos aquí para gañar».

O terceiro elemento de desculpabilización é esa caste de «psicloxía dos pobos», orixe do racismo máis elemental, que permite acusar de maneira mecánica aos habitantes dun país de teren innumerables defectos. Un oficial estadounidense cóntalle aos nenos dunha escola a súa visión sobre Indochina: «Os vietnamitas son moi atrasados, moi primitivos; emporcallan todo. Sen eles, Vietnam sería un país ben fermoso».

O discurso deixa ver claramente a nostalxia dunha solución radical («no people, no problem», «sen xente, non hai problema») ao xeito de «solución indíxena» que ao mellor tentou, sen moitos remorsos, ao xeneral William Westmoreland, xefe do corpo expedicionario, pois el mesmo dicía que «para os orientais a vida non ten tanto valor como para os occidentais».

Peter Davies outórgalle ao conflito vietnamita un valor de «sintoma». O dunha grave doenza, isto é: a violencia estadounidense, da que analiza as características militares, un pouco ao xeito sociolóxico que empregara Cinda Firestone en Attica para espír o funcionamento da represión policial.

Hollywood, que non deu o seu apoio á guerra, non o pensou moito e déulle a *Hearts and Minds* o Óscar ao mellor documental 1974.

Artigo completo en: <http://www.saladeprensa.org/art136.htm>

BRUCE SPINGSTEEN: BORN IN THE USA

Nacín no sur dunha vila morta,
a primeira patada déronma cando nacín,
Déixante como a un can despois de mallalo
e botas a metade da vida escondéndote.

Nacín nos Estados Unidos
Nacín nos Estados Unidos
Nacín nos Estados Unidos
Nacín nos Estados Unidos

Tiven un problema na miña vila
Puxeron un fusil na miña man
e mandáronme a un país estranxeiro
para matar xente marela.

Nacín nos Estados Unidos
Nacín nos Estados Unidos
Nacín nos Estados Unidos
Nacín nos Estados Unidos

Cando volví para a casa, na refinaría
o contratista díxome: «Neno, se por min fose...»
Fun ver ao meu xefe no departamento
[de Veteranos de Guerra,
Díxome: «Neno, pero é que non o entendes?»

Tiven un irmán en Khe Sahn, loitando contra o Vietcong,
eles aínda están alí, el xa se foi.

En Saigón tivo unha muller que amaba,
agora teño unha foto del nos seus brazos.

Á sombra da penitenciaría,
fóra dos gases e lumes da refinaría,
levo dez anos queimando o camiño,
Non teño para onde ir, non teño para onde saír correndo.

Nacín nos Estados Unidos
Nacín nos Estados Unidos
Nacín nos Estados Unidos
Son un «guai» acabado nos Estados Unidos
Nacín nos Estados Unidos
Nacín nos Estados Unidos
Nacín nos Estados Unidos
Son un «guai» queimado nos Estados Unidos

PRÓXIMA SESIÓN:
MÉRCORES 3 DE ABRIL, ÁS 21.30 H

Aula de historia (Geschichtsunterricht,

Danièle Huillet / Jean-Marie Straub, RFA, 1972, 88', VOSG)